

3º ESO
EXERCICIOS RESOLTOS-4ª SEMANA DO 14 DE MARZO AO 17 DE ABRIL

1ª SESIÓN:

Respostas ao cuestionario sobre o vídeo HISTORIAS DE GALICIA: LINGUA DE REIS , LINGUA DO POBO.

1.-Quen eran os trobadores?

Nobres ou señores que compoñían poemas para seren cantados.

2.-Quen foi o impulsor das cantigas de Santa María? Cal é o tema destas composicións?

O rei de Galicia e Castela e León Afonso X, o Sabio. Os milagres realizados pola Virxe María.

3.- Á parte das cantigas de Santa María, que outros xéneros eran cultivados polos trobadores?

Cultivábanse cantigas de amigo, de amor e de carácter satírico, as cantigas de escarnio e maldicir.

4.-En que localidade española se garda un dos códices medievais onde se copiaron as Cantigas de Santa María?

No Escorial (Madrid).

5.-Por que motivo as cantigas de Santa María foron escritas en galego?

Debido a que Galicia tiña no século XII un poder político decisivo e o galego era unha lingua de prestixio falada por todos os estamentos sociais.

6.-Que cancionero medieval se conserva en Lisboa, concretamente no pazo de Ajuda? De que século é?

Cancioneiro de Ajuda. É de finais do século XIII.

7.-Que clases sociais introducen e impoñen o castelán como lingua de prestixio en Galicia no século XV?

Os reis, a nobreza e parte da igrexa.

8.-En que século vive Frei Martiño Sarmiento?

Século XVIII

9.-Como era o ensino na época de Frei Martiño Sarmiento? Que pensaba o freire sobre iso?

Utilizábase unicamente o castelán. Consideraba inxusto e absurdo un método de ensino que obrigaba os nenos a renunciar a súa lingua nai.

10.-Por que é tan importante a figura de Frei Martiño Sarmiento na historia da lingua galega?

Porque é o primeiro investigador da nosa fala e o primeiro en pedir a súa dignificación.

11.-Lembras cal é o título da obra en galego de Frei Martiño Sarmiento?

Coloquio de 24 gallegos rústicos.

12.-Na imprenta de Xoán Companel é publicada a obra Cantares Gallegos de Rosalía de Castro? En que localidade galega se atopaba esta imprenta?

Vigo

13.- Tendo en conta a época na que se publica, que dúas características fan excepcional o libro *Cantares Gallegos*?

Está escrito en galego e por unha muller.

14.- Cal é o punto de partida dos poemas que integran *Cantares Gallegos*?

Os cantares ou cantigas populares de Galicia.

15.- Cal é a motivación que leva a Rosalía a escribir esta obra?

Reivindicar a lingua, a xente e os problemas de Galicia.

16.- A quen está dedicada *Cantares Gallegos*?

Está dedicada á poeta Fernán Caballero.

2ª SESIÓN:

Respostas ás preguntas do xogo sobre a colocación do pronomes persoais.

PROBA 1

Pregunta 01: Os pronomes persoais empréganse para?: **Dar maior riqueza á comunicación.**

Pregunta 02: Os pronomes átonos van sempre?: **Despois do verbo.**

Pregunta 03: Os pronomes tónicos empréganse como?: **Con suxeito e preposición.**

PROBA 2

Pregunta 01: Se tes que tratar alguén cos pronomes de cortesía, cales terías que empregar?: **Vostede, vostedes.**

Pregunta 02: Cal sería a forma correcta cando falamos cunha persoa maior ou descoñecida?: **Pódeme, vostede, dicir a hora no seu reloxo.**

Pregunta 03: En galego, como se substitúe: Sempre como chocolate: **Sempre o como.**

PROBA 3

Pregunta 01: Cal sería a resposta correcta?: **Non o vin, pero quero.**

Pregunta 02: Se tes que falar cunha persoa maior, como dirías: **Dásme o teu xornal?: Dáme o seu xornal?**

Pregunta 03: Como escollerías como correcta de: a ela encanta o chocolate: **Encántalle o chocolate.**

PROBA 4

Pregunta 01: Escolle a opción correcta: **Non o quero, quédache para ti.**

Pregunta 02: Cal sería a forma correcta do pronome se o verbo remata en ditongo: **A avoa colleuna**

Pregunta 03: Como dirías esta frase cos pronomes: Ela trouxo a min unha saia: **Ela tróuxoma.**

PROBA 5

Pregunta 01: Cal sería a escolla correcta para os pronomes átonos: **me, te, se, llela, chas.**

Pregunta 02: Como empregarías nesta frase os pronomes átonos: A elas non lles gusta a violencia. **A elas non lles gusta.**

Pregunta 03: Cal das seguintes frases é correcta: **Querocho dicir.**

CLAVE PARA ABRIR A CAIXA: 27193